

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME03	Deseño en fabricación mecánica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0434	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0434_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	3	45	45
MP0434_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CONCEPCION ROMERO LOPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

DECRETO 190/2010, do 14 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de TÉCNICO SUPERIOR EN DESEÑO EN FABRICACIÓN MECÁNICA.

Publicado o Real decreto 1630/2009, do 30 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en deseño en fabricación mecánica e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, o presente decreto establece o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico en mecanizado. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo que se establece no presente decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

A competencia xeral deste título consiste en deseñar produtos de fabricación mecánica, utensilios de procesamento de chapa, moldes e modelos para polímeros, fundición, forxa, estampación ou pulvimetalurxia, asegurando a calidade, e cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a seguir:

- a) Idear solucións construtivas de produtos de fabricación mecánica realizando os cálculos necesarios para o seu dimensionamento, e establecer os plans de proba.
- b) Elaborar, organizar e manter actualizada a documentación técnica necesaria para a fabricación dos produtos deseñados.
- c) Seleccionar os compoñentes e os materiais en función do uso, dos requisitos de fabricación e do resultado dos cálculos técnicos realizados, utilizando catálogos de produtos industriais ou outras fontes de información multilingüe.
- d) Establecer o plan de ensaios necesarios e de homologación para asegurar o cumprimento dos requisitos establecidos.
- e) Definir a automatización da solución formulada, determinando as súas funcións e os seus parámetros.
- f) Debuxar os planos de conxunto e de fabricación segundo as normas de debuxo industrial, utilizando equipamentos e software de CAD.
- g) Realizar modificacións ao deseño en función dos problemas detectados na fabricación do prototipo.
- h) Mellorar o deseño dos moldes realizando a simulación do proceso de enchemento e arrefriamento destes, para garantir a calidade dos produtos moldeados, o óptimo aproveitamento do tempo do proceso e os

recursos enerxéticos utilizados.

- i) Elaborar, organizar e manter actualizada a documentación técnica complementaria aos planos do proxecto (instrucións de uso e mantemento, esquemas, repostos, etc.) utilizando medios ofimáticos.
- j) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas e tomando decisións de xeito responsable.
- k) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- l) Potenciar a innovación, a mellora e a adaptación aos cambios dos membros do equipo, para aumentar a competitividade.
- m) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- n) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- ñ) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- o) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

Este profesional exerce a súa actividade no sector das industrias transformadoras de metais, polímeros, elastómeros e materiais compostos relacionadas cos subsectores de construción de maquinaria e equipamento mecánico, de material e equipamento eléctrico, electrónico e óptico, e de material de transporte encadrado no sector industrial.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

1. Delineante proxectista.
2. Técnico/a en CAD.
3. Técnico/a en desenvolvemento de produtos.
4. Técnico/a en desenvolvemento de matrices.
5. Técnico/a en desenvolvemento de utensilios.
6. Técnico/a en desenvolvemento de moldes.
7. Técnico/a de desenvolvemento de produtos e moldes.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Realizar cálculos de dimensionamento e definir plans de probas para o deseño de produtos de fabricación mecánica.
- b) Aplicar técnicas de debuxo para a elaboración de planos e definir especificacións técnicas para o deseño de produtos.
- c) Identificar compoñentes normalizados e materiais comerciais, tendo en conta a relación entre as súas características e o seu uso, para os seleccionar no deseño do produto.
- d) Planificar probas e verificacións, definindo a súa realización para a homologación do produto deseñado.
- e) Definir características de funcionamento de sistemas de fabricación mecánica, establecendo ou seu ciclo de actividade, seleccionando os seus compoñentes e realizando os esquemas de potencia e mando, para automatizar a solución formulada.

- f) Aplicar técnicas de traballo con CAD segundo as normas de debuxo industrial, para elaborar planos de conxunto e de fabricación.
- g) Identificar as limitacións de fabricación, analizando as capacidades das máquinas e os procesos na fabricación de prototipos, para realizar modificacións no deseño do produto.
- h) Definir moldes, simulando o proceso de enchemento e arrefriamento para axustar o seu deseño.
- i) Utilizar ferramentas informáticas para a elaboración, a organización e o mantemento da documentación técnica de fabricación de produtos mecánicos, e da documentación complementaria de uso destes.
- j) Relacionar os indicadores de valoración coa adaptación aos cambios do equipo de traballo na mellora e na innovación dos procesos, para aumentar a competitividade.
- k) Definir posibles combinacións do traballo en equipo, para dar resposta a incidencias na actividade e cumprir os obxectivos da produción.
- l) Identificar novas competencias analizando os cambios tecnolóxicos e organizativos, definir as actuacións necesarias para as conseguir e adaptarse a diferentes postos de traballo.
- m) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.
- n) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
- ñ) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e de emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral, para xestionar a propia carreira profesional.
- o) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

En cada ciclo formativo desenrolláanse diversos módulos, sendo o módulo de Formación e Orientación Laboral (F.O.L.) común a todos eles. O mercado laboral e o noso entorno socio económico presentan unhas perspectivas nas que os estudos técnico profesionais implican unha formación adecuada para a transición á vida activa e, o mesmo tempo, exige o convencimento de que o binomio formación-orientación constitúe un proceso único, dinámico e permanente. Este módulo ten como finalidade primordial contribuir a proporcionar esa preparación necesaria para a transición, inserción e adaptación á vida activa e profesional, de ahí a súa importancia e xustificación.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no seu sector.

No desenvolvemento do módulo de F.O.L, no relativo ao perfil profesional, axúdase a acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- j) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas e tomando decisións de xeito responsable.
- k) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- l) Potenciar a innovación, a mellora e a adaptación aos cambios dos membros do equipo, para aumentar a competitividade.
- m) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- o) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

A formación do módulo de F.O.L contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

- j) Relacionar os indicadores de valoración coa adaptación aos cambios do equipo de traballo na mellora e na innovación dos procesos, para aumentar a competitividade.

- l) Identificar novas competencias analizando os cambios tecnolóxicos e organizativos, definir as actuacións necesarias para as conseguir e adaptarse a diferentes postos de traballo.
- m) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.
- o) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Dereitos e deberes en prevención.	Identificación dos conceptos básicos en prevención, derietos e deberes dos traballadores.	11	10
2	Avaliación de riscos profesionais.	Identificación e avaliación dos riscos laborais presentes no sector do título.	11	10
3	Xestión da prevención na empresa.	Análise e comprensión dun plan de prevención	11	10
4	Medidas de prevención e protección.	Secuenciación das medidas de prevención e protección na empresa.	12	10
5	A relación laboral.	Estudo das relacións individuais e colectivas na empresa.	11	10
6	As condicións de traballo.	Análise do convenio colectivo aplicable ó seu ámbito e das principais condicións laborais.	11	10
7	O contrato de traballo.	Identificación das distintas modalidades de contratación; así como supostos de modificación, extición e suspensión.	11	11
8	A seguridade Social.	Coñecemento do sistema de Seguridade Social e das súas prestacións.	10	10
9	A búsqueda de emprego.	Coñecemento persoal e procura de itinerarios formativos.	10	10
10	Equipos de traballo.	Análise do mellor modo de traballar en equipo e resolución de conflitos.	9	9

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Dereitos e deberes en prevención.	11

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e á protección da saúde no sector de metal-mecánica.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.

Contidos
<p>Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p> <p>Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Avaliación de riscos profesionais.	11

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de metal-mecánica.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector da fabricación mecánica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de metal-mecánica.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da prevención na empresa.	11

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.



**Criterios de avaliación**

CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.

CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

**4.3.e) Contidos**
**Contidos**

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección.	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
CA4.6.1 Coñécese o protocolo de actuación do soporte vital básico.
CA4.6.2 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios ante fracturas, hemorraxias, feridas, queimaduras e outras lesións, así como a composición do botiquín,

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación laboral.	11

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.5.1 Distingue dereitos e obrigas recollidos na Constitución e no Estatuto dos Traballadores.
CA2.5.2 Recoñece as obrigas dos traballadores e relacións co réxime sancionador previsto no Convenio Colectivo do sector.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Contidos
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	As condicións de traballo.	11

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA2.6.1 Coñece a regulación do tempo de traballo e descanso establecida no Estatuto dos traballadores.
CA2.6.2 Determina a xornada laboral e os tempos de descanso, vacacións e festivos partindo dun convenio colectivo do sector.
CA2.6.3 Realiza unha nómina sinxela, tendo como base o convenio colectivo.
CA2.6.4 Coñece a clasificación profesional asociada a un convenio colectivo do sector.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.7.1 Coñece as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.7.2 Comprende a importancia das medidas establecidas para a conciliación da vida laboral e familiar e a igualdade de sexos

Criterios de avaliación
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O contrato de traballo.	11

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.4.1 Coñeceronse diferentes modalidades contractuais e as súas características.

Criterios de avaliación
CA2.4.2 Identifícaronse as modalidades contractuais adecuadas para diversas situacións e as medidas de fomento da contratación asociadas.
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.9.1 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
CA2.9.2 Interpretouse unha comunicación de extinción, analizando a proposta de finiquito.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A seguridade Social.	10

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

Criterios de avaliación
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.4.1 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración.
CA3.4.2 Realizouse o cálculo das principais prestacións contributivas da seguridade social.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
CA3.5.1 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos.
CA3.5.2 Realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego do nivel contributivo básico.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.  Estrutura do sistema de Seguridade Social.  Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.  Protección por desemprego.  Prestacións contributivas da Seguridade Social.

#### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A búsqueda de emprego.	10

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.



Contidos
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en deseño en fabricación mecánica. Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en deseño en fabricación mecánica. Proceso de toma de decisións. Proceso de procura de emprego no sector de actividade. Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Equipos de traballo.	9

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en deseño en fabricación mecánica e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

**Criterios de avaliación**

CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.10.e) Contidos****Contidos**

Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Equipos no sector da fabricación mecánica segundo as funcións que desempeñen.

Dinámicas de grupo.

Equipos de traballo eficaces e eficientes.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Conflito: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

O profesor dará ao alumnado, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos exixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible (biblioteca, páxina web, etc).

Para aprobar o módulo, o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes mínimos exixibles:

- Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
- Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
- Apreciar a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.

- Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
- Valorar as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
- Analizar os dereitos á vixilancia e á protección da saúde no sector de metal-mecánica.
- Asumir a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Clasificar e describir os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
- Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
- Levar a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título
- Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Establecer o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determinar as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en mecanizado.
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
- Coñecer o protocolo de actuación do soporte vital básico.
- Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Distinguir dereitos e obrigas recollidos na Constitución e no Estatuto dos Traballadores.
- Recoñecer as obrigas dos traballadores e relacionalas co réxime sancionador previsto no convenio colectivo.
- Coñecer a regulación do tempo de traballo e descanso establecida no Estatuto dos traballadores.
- Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- Coñecer a regulación do tempo de traballo e descanso establecida no Estatuto dos Traballadores.
- Determinar a xornada laboral e os tempos de descanso, vacacións e festivos partindo dun convenio colectivo do sector.
- Realizar unha nómina sinxela, tendo como base o convenio colectivo.
- Coñecer as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran.
- Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.

- Coñecer diferentes modalidades contractuais e as súas características.
- Identificar as modalidades contractuais adecuadas para diversas situacións e as medidas de fomento da contratación asociadas.
- - Identificar as causas e os efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
- Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- Valorar o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- Determinar as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración.
- Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Valorar as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- Tomar conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo.
- Valorar as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
- Valorar o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
- Deseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
- Determinar as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
- Empregar adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- Prever as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.
- Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en deseño en fabricación mecánica e valorar as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Adoptar responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
- Aceptar de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- PROBAS ESCRITAS:

Realizaranse en cada avaliación unha ou máis probas escritas sobre os contidos traballados nese período.

Trátase de probas obxectivas que terán carácter teórico - práctico, como preguntas de resposta curta, tipo test e/ou casos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, nestes casos, as repostas en branco non puntúan e as repostas erradas restan segundo se indique en cada proba. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar o coñecemento da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta, non se cualificarán as respostas que non

Tipo de cualificación de cada proba: sobre 10 puntos

Ponderación de cada proba na nota da avaliación: 80%

No caso de realizar máis dun exame sumaranse as notas das diferentes probas e farase o promedio entre elas dado que todas as unidades teñen o mesmo ou case o mesmo peso no módulo, finalmente o resultado ponderarase o 80%.

As probas non superadas poderán ser recuperadas ao longo do curso e en todo caso antes do remate da terceira avaliación.

Aquel alumno/a que non asista a unha ou varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperadas en data distinta nese trimestre salvo causa xustificada documentalmente e a nota da proba será *¿cero¿*.

Según se contempla nas NOF do Centro, a realización de trampas nalgún elemento de avaliación (copiar ou deixar copiar nun exame, plaxiar ou apropiarse dun traballo/práctica ou parte del, etc.) poderá ter como consecuencia unha cualificación de 0 puntos nese elemento de avaliación. Igualmente, a non realización dalgunha proba escrita, a non realización dalgún traballo/práctica ou, en xeral, a non realización de calquera actividade solicitada polo profesor/a, sen a xustificación adecuada, poderá ter como consecuencia unha cualificación de 0 puntos nese elemento de avaliación.

- ACTIVIDADES DE AULA E/ OU CUESTIONARIOS:

Os alumnos/as elaborarán ao longo de curso cuestionarios individuais e/ou tarefas individuais e/ou grupais relativas aos contidos de cada unidade didáctica. Os contidos serán vistos previamente á súa realización na aula e corresponderán a cada unidade didáctica.

O cuestionario de cada unidade didáctica permitirá a súa realización 3 veces e o método de cualificación (cualificación máis alta ou media ponderada) e a data límite de entrega serán os indicados na proba. Os cuestionarios non presentados no prazo establecido previamente cualificaranse cun cero.

Os contidos, características e criterios de corrección de cada unha das tarefas serán proporcionados previamente á súa realización.

A realización dos cuestionarios non é obrigatoria o longo do curso, polo que non serán recuperables. No caso de non superar algún dos cuestionarios cun *¿cinco¿* non implica a non superación da avaliación e tampouco será recuperable.

As notas obtidas en cada un destes cuestionarios, xunto coa valoración das outras tarefas e actividades de aula que se realicen, suporá o 20 % da nota de avaliación trimestral.

Tipo de cualificación de cada cuestionario/actividade de aula: 10 puntos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O módulo consta de 2 unidades formativas que terán o seguinte peso:

UF1: 40%

UF2:60%

- As probas valóranse sobre 10 puntos, sendo variable o reparto desta puntuación entre as cuestións presentadas, xa que isto depende da tipoloxía de ditas cuestións.

- No caso de respostas incoherentes, por absurdas e sen sentido ou que non respondan ao solicitado, estas non serán cualificadas.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

- Cada avaliación trimestral considerase superada cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 unha vez ponderada a cualificación da proba escrita e dos cuestionarios e/ou tarefas.

A cualificación da avaliación será o 80% da proba ou probas escritas e o 20% do cuestionario ou cuestionarios e tarefas propostos ao longo do trimestre. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen



decimais entre 1 e 10. Aplicarase o redondeo o enteiro máis próximo, por exceso ou por defecto.

- No suposto de que o alumnado non superara algunha das avaliacións, poderá ser recuperada o longo do curso e en todo caso antes do final da terceira avaliación

#### CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

Será necesario para aprobar o módulo obter unha puntuación mínima de 5 en cada avaliación. A cualificación final do módulo será o resultado da media ponderada polo peso de cada unidade formativa (UF1 x 40% + UF2 x 60%) no caso de que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### -RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN:

O alumnado que non superase algunha das avaliacións como consecuencia de non acadar o mínimo nas probas escritas, traballos ou actividades, terá dereito a unha recuperación posterior á correspondente avaliación ou en todo caso na última semana lectiva do trimestre, a data da proba será a fixada polo profesor.

As actividades de recuperación de cada avaliación consistirá nunha proba escrita que contará con preguntas tipo test e tamén poderá contar con supostos prácticos similares aos realizados na aula e/ou con preguntas cortas similar ás realizadas con anterioridade. Os criterios de avaliación son os establecidos no punto 5. A nota será a da proba escrita que se puntuara de 0 a 10 puntos e considerarase recuperada cando acade unha calificación mínima de 5 puntos. Non se tera en conta os cuestionarios ou tarefas realizadas durante o trimestre a nota será a que se acade no exame.

#### - RECUPERACION XUÑO:

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso na terceira avaliación, realizarán durante as semanas restantes ata a avaliación final as actividades e probas de recuperación que lle marque a docente, correspondentes aos contidos non superados.

- As probas escritas das diferentes unidades didácticas non superadas polos alumnos/as, no trimestre correspondente, deberán ser recuperadas mediante a realización das mesmas.

As probas de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos, e considerarase que o alumno/a recupera cando acade unha cualificación mínima de 5 puntos. Unha vez realizada a recuperación, refaranse as medias da avaliación trimestral.

- RECUPERACION MODULO PENDENTE:

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar os traballos que lles vaia indicando o profesor que imparta o módulo en primeiro no presente curso.

Para establecer as actividades que deberá realizar cada alumno/a, o docente do presente curso deberá ter en conta o informe individualizado de avaliación que fixo o docente do curso anterior sobre o alumno.

As actividades que se desenvolverán ao longo do curso deberán cubrir os contidos mínimos que terá que superar o alumno/a nesta materia, e serán todas ou parte das seguintes, de conformidade co indicado no informe individualizado:

- Actividades de identificación das situacións de risco máis habituais nunha empresa do sector, e clasificación dos tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional do título.
- Realización dunha avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título, e definición das técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Clasificación dos xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Identificación das técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos.
- Identificación de normas laborais e principios aplicación das mesmas.
- Busca de información dentro dun convenio colectivo ou contrato individual do traballador.
- Determinación en supostos prácticos das diferentes posibilidades na selección dunha modalidade de contratación.
- Recoñecemento de termos sobre xornada de traballo.
- Confección dun recibo básico de salarios e interpretación dun proposto polo docente.
- Identificación das causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Interpretación e cálculo dunha liquidacións de contidos simples e en salarios brutos.
- Interpretación e cálculo de prestacións por incapacidade temporal básica.
- Interpretación e cálculo de prestacións por desemprego de nivel contributivo básica.
- Busca de información sobre fontes de emprego.
- Xestión de técnicas de selección de persoal: elaboración dun currículo e carta de presentación.

As actividades que se vaian desenvolvendo deberán ser entregadas polos alumnos/as dentro dos prazos que para cada unha se establezan. O docente estará a disposición do alumno ou alumna para o seguimento dos traballos e a resolución de posibles dúbidas naquelas horas que figuren no seu cadro horario como visita de alumnos ou noutras que se puideran acordar, sempre dentro das posibilidades das dúas partes.



### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Se algún alumno, sempre seguindo os criterios xerais de avaliación, perdera o seu dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria sobre a totalidade dos contidos do módulo.

Esta avaliación extraordinaria terá sempre lugar logo da avaliación ordinaria correspondente do ciclo e deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal na aula ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

Esta proba consistirá na resolución dunha serie de cuestións tipo test, e de varios supostos prácticos sobre os contidos mínimos do módulo, sendo indispensable cada un 5 en cada unha das unidades formativas, tendo un peso do 40% a unidade formativa 1 e un 60% a unidade formativa 2.

O módulo darase por aprobado se o alumno/a obtén unha puntuación igual ou maior que 5 na proba.

Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5:

-Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, que o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco. As respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan na proporción que se indique na proba.

-Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

Na proba, que puntúa sobre 10, indícarase o valor de cada cuestión.

O módulo darase por aprobado se o alumno/a obtén unha puntuación igual ou maior que 5 na proba. A nota da proba será o 100% da cualificación.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será cumprimentada segundo o modelo previsto na aplicación informática de programación facilitada pola Consellería de Educación.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido.

A práctica docente avaliarase a través das enquisas do sistema de calidade.

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo aporte do seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.



### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encuadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

O docente, coa axuda dos medios humanos e materiais que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas da globalidade do alumnado.

Póderanse adoptar de acordo coas indicacións do departamento de Orientación e das instancias da Consellería de Educación medidas ordinarias de atención á diversidade (que non modifican os elementos prescritivos do currículo) ou ben medidas extraordinarias de atención á diversidade (podendo modificar os elementos prescritivos do currículo se así se considera oportuno).

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Traballaranse especialmente os seguintes:

- 1.- Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
- 2.- A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
- 3.- Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores.



4.- Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.

5.- Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.

6.- A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos.

7.- Análise das profesións con menor índice de presenza feminina.

8.- Emprego de ferramentas que respecten a propiedade intelectual dos autores. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, expertos en primeiros auxilios, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas do entorno.

Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello escolar. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación. Desde o departamento organizaranse unhas charlas prácticas sobre primeiros auxilios.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES que exceden do horario escolar poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de visitar actividades como Galiemprego ou outras similares, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.



## 10. Outros apartados

### 10.1) Presentación do módulo e avaliación inicial.

A primeira sesión do curso académico dedicárase á presentación do módulo, a información sobre a programación e a avaliación inicial dos alumnos/ as.

- Presentación de alumnos/as e profesor:

O profesor, así como os alumnos e alumnas presentaranse persoalmente. A finalidade é permitir un coñecemento inicial e romper barreiras sociais a efectos de favorecer a comunicación entre os compoñentes do grupo. Cando o grupo sexa de continuidade, non será necesaria esta actividade.

- Presentación da programación do módulo:

O profesor utilizando realizará unha exposición dos elementos que constitúen a programación coa finalidade de que os alumnos/ as adquiren unha visión global da mesma: unidades didácticas, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación, contidos, metodoloxía;

A programación estará ao dispor do alumnado para que poida ser consultada na páxina web do centro e na aula virtual.

- Identificación dos coñecementos previos dos alumnos/ as en relación co módulo profesional:

Trátase de coñecer o punto de partida do coñecemento do alumnado, referido aos contidos que serán desenvolvidos no módulo, mediante un cuestionario preparado para o efecto en formato de preguntas abertas.